

Consello de Contas  
de Galicia



**INFORME ANUAL DE ACTUACIÓNS  
DO COMITÉ DE ÉTICA**

**EXERCICIO 2018**





## ÍNDICE

I. PRESENTACIÓN .....	4
II. COMPOSICIÓN.....	4
III. REUNIÓN DO COMITÉ.....	5
IV. TRAMITACIÓN DE QUEIXAS E DENUNCIAS. PRONUNCIAMENTOS .....	6
V. OUTRAS ACTUACIÓN.....	7

## I. PRESENTACIÓN

O Comité de Ética do Consello de Contas de Galicia é un órgano creado no marco do seu Código ético institucional para a supervisión do cumprimento deste código e para a resolución das consultas e dos incumprimentos que se puidesen detectar no seo da Institución.

Calquera empregado do Consello ou calquera outra persoa poderá solicitar consultas sobre a aplicación do Código ético e sobre o funcionamento da canle de queixas e denuncias na dirección electrónica, e realizar queixas e denuncias sobre comportamentos que se advirtan no seo do Consello de Contas que supoñan o incumprimento dos valores, principios e regras recollidos no seu Código ético institucional.

A creación do Comité e a implantación da canle de queixas e denuncias como un medio que permita ter coñecemento de calquera acción ou omisión contraria aos principios de bo goberno, ademais de reforzar a xestión pública, constitúen dúas medidas clave do sistema de prevención da corrupción que todas as entidades públicas deberían adoptar.

O Comité iniciou a súa andadura coa sesión constitutiva celebrada o día 19 de febreiro de 2018. Ao longo dese exercicio desenvolveu outras tres sesións máis.

En cumprimento das normas de funcionamento do Comité de Ética, a Secretaría do Comité elabora este informe que recolle as actuacións desenvolvidas durante o ano natural, que é elevado ao Pleno do Consello e xúntase á memoria anual do Consello de Contas.

## II. COMPOSICIÓN

O Comité está integrado por dous conselleiros ou conselleiras designados polo Pleno do Consello por un período de catro anos, un dos cales exerce a presidencia; pola persoa que exerce a presidencia da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción do Consello de Contas; e por dúas persoas de experiencia, competencia e prestixio profesional contrastado en materias relacionadas coa ética, o dereito ou a gobernanza de organizacións tanto do sector público como do privado, designadas polo Pleno do Consello de Contas polo mesmo período de catro anos.

Na actualidade está formado polos seguintes membros:

- Dona Ana María Otero López. Conselleira da Área do Sergas e presidenta do Comité.



- Dona Beatriz Rodríguez Fraga. Conselleira da Área de Institucional.
- Don Luís Míguez Macho. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.
- Dona Sonia Esperanza Rodríguez Boente. Profesora contratada-doutora de Filosofía do Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.
- Don Manuel José Santana Suárez , auditor da Área de Conta Xeral.

### III. REUNIÓNS DO COMITÉ

Durante o exercicio 2018 o Comité celebrou catro reunións, nas que se trataron os seguintes asuntos:

#### *Reunión do 19.02.2018*

- Constitución do Comité de Ética
- Determínase o criterio de elección da Secretaría do Comité, e désígnase a persoa que exercerá esas funcións.
- Elabórase un rexistro dos datos de contacto dos membros do Comité.
- Establécese o calendario de reunións.
- Acórdase a elaboración dunhas Normas de funcionamento do Comité.

#### *Reunión do 18.07.2018*

- Asume as funcións de secretario do Comité o novo presidente da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción.
- Apróbanse as normas de funcionamento do Comité e da canle de queixas e denuncias.
- Acórdase a admisión de tres comunicacións dirixidas ao Comité.

*Reunión do 27.07.2018*

- Informe-proposta da comisionada designada polo Comité de Ética sobre as comunicacións admitidas na sesión anterior.

*Reunión do 10.12.2018*

- Preséntase o novo contido *Integridade e bo goberno* na web do Consello de Contas.
- Apróbanse os termos da publicidade a dar aos pronunciamentos do Comité.
- Adóptanse medidas para a posta en marcha da canle electrónica de queixas e denuncias.
- Adóptanse medidas para a protección de datos no procedemento de tramitación de denuncias.

#### **IV. TRAMITACIÓN DE QUEIXAS E DENUNCIAS. PRONUNCIAMENTOS**

No exercicio 2018 presentáronse tres comunicacións ao Comité de Ética referidas a incumprimentos de principios e valores do Código ético institucional nas actuacións do Consello, que deron lugar ás primeiras actuacións do Comité. Respecto destas comunicacións (todas elas referidas ao mesmo asunto) emitiuse o seguinte pronunciamento:

Pronunciamento 1/2018:

*Conduta denunciada: Sinatura polo Consello de Contas dun determinado contrato que supostamente contravén distintos preceptos legais e cuestiona o principio de racionalidade do gasto público e o principio de exemplaridade recollido no Código ético da Institución.*

*Doutrina aplicada: O debate sobre cuestións xurídicas que teñen outros mecanismos de solución debe deixarse á marxe no momento de ponderar a corrección ética da conduta que se está a analizar.*

*Acordo adoptado: Arquivo das actuacións, por non ser a conduta denunciada contraria aos valores e principios recollidos no Código ético institucional do Consello de Contas*

*Medida proposta: Non procede.*



## **V. OUTRAS ACTUACIÓNS**

### **V.1. APROBACIÓN DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO COMITÉ DE ÉTICA E DA CANLE DE QUEIXAS E DENUNCIAS**

O Pleno do Consello de Contas, na súa reunión do 26 de xullo de 2018, adoptou o acordo polo que se aproban as normas de funcionamento do Comité de Ética e da canle de queixas e denuncias, que foi publicado no DOG do 20 de agosto de 2018. Esta normativa ten por obxecto a regulación do funcionamento do Comité de Ética, o establecemento dunha canle de queixas e denuncias ante este Comité, e a regulación do procedemento para a tramitación desas comunicacións.

### **V.2. POSTA EN MARCHA DA CANLE ELECTRÓNICA DE QUEIXAS E DENUNCIAS**

No exercicio 2018 iniciáronse as actuacións para a posta en marcha da canle electrónica de queixas e denuncias. Trátase dunha canle de comunicación electrónica deseñada especificamente para que calquera empregado do Consello ou calquera outra persoa poida comunicar aquelas condutas ou comportamentos que se advirtan no seo do Consello de Contas que supoñan o incumprimento dos valores, principios e regras recollidos no seu Código ético institucional. Esta vía non está habilitada para presentar comunicacións relativas a presuntas irregularidades ou indicios de responsabilidade nas actuacións das entidades públicas suxeitas á fiscalización do Consello de Contas. Previamente realizáronse contactos con outras Administracións Públicas que dispoñen dun sistema telemático similar para coñecer a súa experiencia (Oficina Antifraude de Cataluña, Concello de Barcelona) e os aspectos técnicos e xurídicos que esixe a súa operativa. Para a contratación do servizo de soporte técnico de instalación dese software e para a formación dos usuarios elaborouse polo Servizo de Informática un prego de condicións.

A canle púxose en funcionamento o 1 de abril de 2019.